



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MIÑO

Modificación das bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de dúas prazas reservadas a persoal funcionario/a de carreira operario/a de obras e servizos

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE OPERARIOS/AS DE OBRAS E SERVIZOS POR QUENDA LIBRE, RESERVADAS A PERSOAL FUNCIONARIO/A, EN EXECUCIÓN DA SEGUNDA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE MIÑO PARA O ANO 2025.

Primeira. - Obxecto da convocatoria e características da praza

1.1. Obxecto da convocatoria:

É obxecto da presente convocatoria a cobertura en propiedade, polo sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, de dúas prazas de OPERARIOS/AS DE OBRAS E SERVIZOS, persoal funcionario/a propio do concello de Miño.

As prazas convocadas están incluídas na Segunda Oferta de Emprego Público Extraordinaria do concello de Miño para o exercicio 2025: redución da temporalidade no marco do artigo 20. Apartado dous.4 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2023, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 19 de marzo de 2025 (BOP núm. 56 do 24.03.2025).

1.2. Características do posto e cometidos funcionais:

As características dos postos convocados son as seguintes:

- ☐ Denominación do posto de traballo: Operario/a de obras e servizos.
- ☐ Características esenciais: Persoal funcionario propio da Corporación Local.
- ☐ Escala: Administración Especial. Subescala: Servizos especiais.
- ☐ Grupo/Subgrupo: Agrupación profesional.
- ☐ Sistema de selección: Concurso-oposición.
- ☐ Tipo de Xornada: Completa.
- ☐ Retribucións básicas: As correspondentes ás Agrupacións profesionais.
- ☐ Retribucións complementarias: As previstas na RPT do concello de Miño.
- ☐ Funcións propias do posto (as previstas na RPT do concello de Miño):
 - Execución de obras en todo tipo de especialidades, incluíndo albanelería, fontanería, pintura, carpintería, soldadura, etc.
 - Desbroces co tractor e ferramenta de man.
 - Mantemento do mobiliario urbano.
 - Corte e retirada de ramas e árbores caídos ou que representen risco.
 - Transporte, acopio, descarga, etc. do material, así como do persoal de obras.
 - Manexo, control e mantemento dos vehículos e ferramentas municipais.
 - Limpeza das dependencias municipais adscritas ao servizo.
 - Montaxe e desmontaxe de cartelería, valados, postos de feiras, mercados, etc.
 - Reparación e mantemento das instalacións municipais.
 - Reitrada de vertidos
 - Eliminación de avispeiros e retirada de animais mortos.
 - Aplicación e manexo de herbicidas.
 - Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Idade: Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

f) Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obter ao finalizar o prazo de presentación de instancias as seguintes titulacións:

- Certificado de escolaridade.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

g) Outros requisitos: Estar en posesión do permiso de conducir B.

h) Requisitos lingüísticos: Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga I, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberán cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias (agás a acreditación do coñecemento da lingua galega que por motivo xustificado cuxa aceptación valorará o tribunal poderá presentarse ata o mesmo día que se se fixe para a realización da proba) e mantelos ata o momento da toma de posesión da praza.

Terceira.- Publicidade da convocatoria e seguimento do proceso selectivo.

3.1. A convocatoria do proceso selectivo será publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño.

3.2. Os anuncios da corresponde convocatoria publicaranse no Boletín Oficial do Estado (en adiante BOE) e, así mesmo, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño.

3.3 Os demais actos e acordos que se diten en desenvolvemento do proceso selectivo publicaranse no BOP e/ou no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Miño, segundo proceda.

Cuarta.- Solicitudes. Documentación.

9.1. As persoas que desexen participar na presente convocatoria deberán presentar instancia dirixida ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura nas presentes bases (Anexo I).

9.2. As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se consonte a este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer na devandita solicitude o selo da correspondente oficina de correos e comunicárselle simultaneamente ao concello a realización do envío ben por fax ou ben por correo electrónico (correo@concelloedemino.gal) co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante; noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

9.3. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da data de publicación do anuncio da convocatoria no BOE. A falta de presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

9.4. Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puidesen advertir na solicitude poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou a pedimento da persoa interesada.

9.5. No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Miño coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión do proceso selectivo. As persoas aspirantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Miño ou ben na forma establecida na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9.6. Á solicitude de participación no proceso selectivo deberá anexarse a seguinte documentación:

a) DNI/NIE ou documento fidedigno en vigor que acredite a identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

b) Documentación acreditativa dos méritos alegados na solicitude de participación acompañados dun impreso-resumo dos mesmos segundo modelo que figura nas presenets bases (Anexo II), agás que se aleguen servizos prestados no Concello de Miño (neste caso non será necesaria a acreditación documental se na súa solicitude autoriza a comprobación de oficio).

Non serán tomados en consideración nin valorados aqueles méritos que non fosen alegados no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

A non presentación do impreso - resumo dos méritos alegados xunto coa solicitude ou a presentación do mesmo sen cumprimentar ou incompleto se considerará renuncia á fase de concurso, ben sexa en todos os apartados ou ben nos que non consten datos.

c) No seu caso, certificado de Lingua Galega (Celga I) ou título equivalente debidamente homologado.

9.7. De conformidade coa Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, os aspirantes con discapacidade poderán pedir na súa solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo, coa fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. En caso de solicitar a adaptación, deberán achegar, ademais do certificado do grao de discapacidade, o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade, acreditando as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao da discapacidade recoñecida, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada..

9.8. Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

9.9. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

9.10. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

Quinta.- Admisión dos/as aspirantes.

5.1. Logo de transcorrer o prazo de presentación de solicitudes, ditarase resolución do alcalde-presidente na que declarará aprobada a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación da causa de exclusión provisional. Nesta resolución, que se publicará no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño,

sinalarase un prazo improrrogable de dez días hábiles para emendar, se é o caso, os defectos que motivasen a exclusión ou omisión dunha persoa aspirante.

Quen, dentro do prazo sinalado, non emende a exclusión ou omisión xustificando o seu dereito á admisión, será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

5.2. Logo de finalizar o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución na que aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, con indicación da causa de exclusión (se é o caso), e nomeará o tribunal cualificador do proceso selectivo e anunciará a data, hora e lugar da constitución deste para dar comezo ao proceso selectivo.

A resolución definitiva publicárase na forma indicada para a resolución provisional.

5.3. Sen prexuízo de que á finalización do proceso selectivo se lles requira ás persoas aspirantes que o superen a acreditación documental do cumprimento dos requisitos de participación, en calquera momento do proceso selectivo poderáselles requirir que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos e, de non acreditar estes, acordar a súa exclusión.

Sexta.- Tribunal Cualificador.

6.1. Os tribunais cualificadores dos procesos selectivos estarán constituídos por un número impar de membros, coa seguinte composición:

- a) Presidente, que será un/unha funcionario/a ou persoal laboral fixo designado/a polo órgano competente.
- b) Vogais, funcionarios/as ou persoal laboral fixo designados/as polo órgano competente.
- c) Secretario, que será un/unha funcionario/a ou persoal laboral fixo designado/a polo órgano competente.

Non poderán formar parte dos órganos de selección: o persoal de elección ou designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a igual categoría ou equivalente á das prazas convocadas.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, e non pode ocuparse en representación ou por conta de ninguén.

Os órganos de selección deberán actuar conforme aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, na súa composición, tenderán á paridade entre muller e home.

Todos os membros dos órganos de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo correspondente.

6.2. De conformidade co disposto no artigo 14 da Constitución, os tribunais velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os sexos.

Os tribunais adoptarán as medidas oportunas que lles permitan ás persoas aspirantes con discapacidade, que así o acreditasen na solicitude, poder participar nas probas do proceso selectivo en igualdade de condicións.

6.3. Os órganos de selección actuarán con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e velarán pola transparencia e obxectividade do proceso selectivo, a confidencialidade das probas e o estrito cumprimento das bases da convocatoria. Con todo, o órgano de selección está facultado para resolver as dúbidas que xurdan durante a realización do correspondente proceso selectivo e para adoptar os acordos que garantan o seu adecuado desenvolvemento en todo o non previsto nas bases reguladoras da convocatoria ou no caso de dúbidas na súa aplicación.

Os tribunais cualificadores actuarán con suxeición ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais disposicións vixentes.

O réxime xurídico aplicable aos órganos de selección axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

6.4. Na acta da sesión de constitución dos tribunais poderase acordar que os membros titulares e suplentes destes actúen de forma indistinta.

6.5. O órgano de selección poderá acordar a incorporación aos seus traballos de persoal colaborador ou asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen; os asesores/as especialistas prestarán colaboración na súa especialidade técnica, con voz, pero sen voto.

6.6. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir e, así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros dos tribunais cando concorra algunha das circunstancias que se prevén no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

6.7. Os membros dos tribunais, o persoal colaborador e asesores/as terán a categoría que corresponda ao corpo, escala ou categoría da praza que se convoque, segundo o disposto no artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

A Alcaldía -Presidencia fixará o número máximo de sesións que poidan devindicarse sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

6.8. A efectos de comunicacións e demais incidencias relativas aos procesos selectivos, as persoas aspirantes poderán presentar os seus escritos a través da sede electrónica do Concello de Miño ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima.- Desenvolvemento do proceso selectivo.

7.1. As persoas aspirantes serán convocadas para as probas da fase de oposición en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo órgano de selección. Será excluído do proceso selectivo quen non compareza, salvo casos de forza maior alegados e xustificados con anterioridade á data e hora fixada para a celebración do exercicio, que serán apreciados discrecionalmente polo órgano de selección. Deberán acudir provistas do DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquelas.

7.2. En calquera momento do proceso selectivo, o Tribunal poderá requirir as persoas aspirantes que acrediten a veracidade dos documentos que presenten para a súa participación. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o Tribunal tivese coñecemento de que algunha non cumpre cos requisitos esixidos na convocatoria, quedará facultado para determinar a súa exclusión do proceso selectivo.

7.3. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético.

As datas e horarios de celebración do/s exercicios será determinado polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

O/os exercicio/os realizaranse en lingua galega ou castelá, agás aquel destinado a valorar o coñecemento dun idioma, que se realizará no idioma indicado no exercicio.

7.4. Non se permitirá o acceso ao lugar no que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exame e non se habilitará ningún servizo de recollida destes aparatos.

7.5. O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir o anonimato dos candidatos na fase de oposición. O Tribunal poderá excluír a aqueles opositores en cuxas follas de exame figuren nomes, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos autores.

7.6. A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante farase exclusivamente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello. Concederase un prazo de 3 días hábiles aos efectos de alegacións a contar desde a sinalada publicación.

7.7. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización do exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean previstos expresamente nestas bases mediante publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Oitava.- Sistema de selección.

O sistema selectivo será o concurso-oposición.

8.1. Fase de concurso (máximo 40 puntos)

A fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e en ningún caso poderase aplicar a puntuación obtida na fase de concurso para superar a fase de oposición.

A) Méritos baremables:

A fase de concurso deste proceso de selección nas prazas obxecto de convocatoria consistirá na avaliación por parte do Tribunal cualificador dos méritos baremables que concorran en cada unha das persoas aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A consideración dos méritos estará orientada a valorar a idoneidade dos/as candidatos/as para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino, en relación coas características das prazas convocadas.

A valoración da fase de concurso representará, como máximo, un 40% sobre a puntuación total e consistirá na valoración dos seguintes méritos obxectivos:

1.- Méritos profesionais (máximo 35 puntos)

a) Por servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala, clase ou categoría da praza obxecto da convocatoria na administración local: 0,50 puntos por mes completo traballado.

b) Por servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala, clase ou categoría da praza obxecto da convocatoria noutras administracións públicas: 0,25 puntos por mes completo traballado.

A puntuación da experiencia profesional estará referida a xornada completa; en caso de xornada a tempo parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente, salvo os servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas por conciliación da vida familiar e laboral, que serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Aos efectos de mes completo, calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirase o resultado entre trinta (30) e multiplicarase o cociente, despreziando os decimais polos puntos correspondentes. Os períodos inferiores ao mes completo (30 días) serán puntuados proporcionalmente.

Para estes efectos considéranse servizos efectivos os prestados en situación de servizos especiais e de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, excedencia por razón de violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.

Os méritos profesionais acreditaranse mediante certificado de vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, e certificado expedido polo órgano correspondente, no que deberá constar o período dos servizos prestados e a categoría profesional.

Non entanto, en caso de servizos prestados no concello de Miño, non será necesaria a acreditación documental se a persoa aspirante autoriza na súa solicitude a comprobación de oficio, que a realizará polos Servizos Internos.

2.- Cursos de formación e perfeccionamento (ata un máximo de 5 puntos)

Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento convocados ou homologados polas administracións públicas, escolas oficiais de formación e/ou universidades, os incluídos nos Plans de Formación Continua impartidos polas distintas entidades, sindicatos ou centros formadores de ditos Plans, e os impartidos polo Colexios Profesionais, sempre que teñan relación directa cos cometidos das prazas obxecto da presente convocatoria.

Os cursos a valorar con arranxo aos criterios recollidos no parágrafo anterior serán os seguintes:

- De duración de 20 a 50 horas: 0,40 puntos.
- De duración de 51 a 80 horas: 0,80 puntos.
- De duración de 81 a 100 horas: 1,60 puntos.
- De duración de 101 horas en diante: 2 puntos.

Non se puntuarán os cursos pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos nin os diplomas relativos a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, simposios ou similares.

Os méritos alegados neste apartado xustificaranse con copia do título/diploma que se presente para a súa valoración no que deben constar especificamente as horas de duración. Naqueles no que figure só o valor en créditos debéra aportarse a acreditación da correspondencia ou equivalencia en horas.

B) Publicación das puntuacións obtidas en fase de concurso:

O Tribunal fará pública a puntuación provisional outorgada a cada aspirante na presente fase de concurso no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño e concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.

Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas e, en caso de non realizarse ningunha, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas.

A puntuación definitiva desta fase de concurso farase pública, así mesmo, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño.

8.2 Fase de oposición (máximo 60 puntos)

A fase de oposición constará de:

A) Primeiro exercicio.- Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test composto por cuarenta (40) preguntas, máis 5 de reserva para o caso de estimación de reclamacións, relacionadas co contido do programa que figura no Anexo da presente convocatoria, con catro (4) respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

A cualificación máxima deste exercicio é de 40 puntos, e será necesario acadar 20 puntos para superalo. Como criterio de valoración o tribunal considerará o seguinte: A cada resposta correcta asignaráselle 1,00 puntos e por cada resposta incorrecta restaráselle 0,25 puntos.

B) Segundo exercicio.- Consistirá na realización de dous exercicios prácticos relativos ás funcións do posto relacionadas na base segunda.

Para a realización destes exercicios as persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de 45 minutos para cada un.

Nesta proba valoraranse os coñecementos, habilidades profesionais, a súa correcta realización e/ou manexo de ferramentas, maquinaria, vehículos e equipos, así coma o cumprimento das normas de seguridade e saúde laboral.

A puntuación total da 2ª proba será de 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 para superar a proba e nunca menos de 5 puntos en cada exercicio

C) Terceiro exercicio.- Proba de coñecemento de lingua galega.

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do Certificado de Lingua Galega I (Celga I) ou título equivalente debidamente homologado deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

A relación de persoas aspirantes que deberán realizar esta proba publicárase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Miño, unha vez publicada a puntuación definitiva do segundo exercicio desta fase de oposición.

O tempo máximo para a realización da proba será de sesenta (60) minutos e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán, a proposta do Tribunal.

A cualificación será de apto ou non apto.

Na realización dos exercicios os aspirantes só poderán utilizar bolígrafo azul ou negro.

D) Publicación das puntuacións obtidas en fase de oposición:

Concluída a fase de oposición, o Tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño, a relación de persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima para superala. Concederáse un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións ás puntuacións provisionais. Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas e, en caso de non realizarse ningunha, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas.

A puntuación definitiva da fase de oposición farase pública, así mesmo, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño.

Novena.- Cualificación definitiva, relación de aprobados e proposta de nomeamento.

9.1. A **cualificación final** do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición. Resultarán aprobadas no proceso selectivo as persoas aspirantes que, superando a puntuación mínima na fase de oposición, obteñan maior puntuación na suma das puntuacións da fase de concurso e da fase de oposición.

9.2. En caso de empate, este dirimirase a favor dos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación na proba práctica.

2º.- Maior puntuación na proba teórica.

3º.- Maior puntuación na fase de concurso por experiencia profesional.

4º.- Maior puntuación na fase de concursos por formación.

En último lugar, o empate dirimirase por sorteo.

Décima. Superación do proceso selectivo.

10.1. Unha vez finalizado o proceso de selección os tribunais lle proporán ao órgano de contratación a relación de persoas que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación, e non poden declarar que superaron este un número superior de aspirantes ao de prazas ofertadas.

O órgano de contratación ditará resolución coa relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, que se publicará no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño.

10.2 As persoas que superaron o proceso selectivo disporán dun prazo de 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación no BOP da súa relación, para presentar no Rexistro xeral do Concello de Miño os seguintes documentos orixinais:

- a) Titulación esixida nas bases da convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.
- b) Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.
- d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defectos físicos e/o psíquicos que incapacite para o exercicio das funcións da praza convocada, expedido por un facultativo/a do Servizo Galego de Saúde ou similar que lle corresponda.
- e) As persoas aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoa con discapacidade na súa solicitude de participación no proceso selectivo, deberán presentar o certificado acreditativo do grao da discapacidade e, así mesmo, o certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, expedido polo órgano competente da administración sanitaria.

f) Os documentos orixinais dos presentados para a valoración dos méritos puntuables na fase de concurso.

g) A documentación orixinal acreditativa doutros requisitos esixidos nas bases específicas de cada convocatoria.

Ante a imposibilidade debidamente xustificada de presentar os documentos esixidos, poderase acreditar que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

As persoas aspirantes que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria serán nomeadas persoal funcionario de carreira mediante resolución da Alcaldía.

Décima bis).- Bolsa de traballo.

Creación dunha bolsa de traballo: Coa relación definitiva dos aspirantes aprobados pero sen praza e pola orde da puntuación obtida formarase unha bolsa de traballo para cubrir no seu caso eventuais e futuras necesidades temporais de persoal que poidan xurdir na categoría profesional obxecto da presente convocatoria no concello de Miño.

A formación e/ou actualización da bolsa (exclusións, baixas temporais e/ou altas que se produzan ao longo da súa vixencia) serán aprobadas por Resolución de Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Vixencia da bolsa: A bolsa resultante do presente proceso selectivo se extinguirá en todo caso cando teñan transcorrido 4 anos desde a súa constitución (salvo prórroga expresa por un período de 1 ano e causa xustificada), podendo non obstante extinguirse antes no caso de celebrarse nese período novo proceso selectivo para a mesma categoría con formación de nova bolsa de traballo ou no caso de quedar baleira de participantes.

Funcionamento da bolsa: Cando xurda unha necesidade de persoal obxecto da presente bolsa, o nomeamento se lle ofrecerá ao aspirante que ocupe na mesma a posición de maior preferencia e estea en situación de dispoñible total ou parcial, sempre que poida ser nomeado conforme á lexislación vixente en cada momento e sen conculcar á mesma.

Os chamamentos se comunicarán aos aspirantes por correo electrónico, sen prexuízo de que se complementa con chamada telefónica (se fose necesario se realizarán ata tres chamadas telefónicas en diferentes horas e no mesmo día do cal se expedirá dilixencia da que se deixará constancia no expediente).

Os/as integrantes da bolsa serán responsables de manter actualizados os seus datos de contacto, comunicando ao servizo de selección de persoal calquera cambio de correo electrónico e/ou teléfono dos facilitados na solicitude de acceso ás probas selectivas.

A partir do momento en que se estableza o contacto coa persoa interesada mediante calquera dos medios sinalados anteriormente, o/a aspirante disporá como máximo de dous (2) días hábiles para dar contestación á oferta. Se transcorre o prazo e non se recibe contestación, se entenderá que renuncia sen causa xustificada e se procederá á exclusión automática da bolsa de traballo. Non obstante, a persoa interesada poderá rexeitar a oferta de traballo, non dando lugar nin á exclusión da bolsa nin a perda da posición nela, sempre que alegue e acredite axeitadamente algunha das circunstancias seguintes:

- Estar traballando cando se realice a oferta, para o que se deberá presentar contrato ou informe de vida laboral.
- Padecer enfermidade ou estar en proceso de recuperación de enfermidade ou accidente, xustificándose mediante a presentación do oportuno informe médico.

- Estar nalgunha situación das que, por embarazo, parto ou adopción, acollemento ou enfermidade grave dun familiar estean contempladas pola normativa en vigor aos efectos de permisos ou licenza.
- Outras causas similares ás anteriores debidamente xustificadas.

No caso de que o aspirante acepte a oferta de traballo, disporá dun prazo de dous (2) días hábiles, a contar desde a aceptación da oferta, para aportar a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, agás os que xa obren no expediente.

Así mesmo, e co fin de acreditar o cumprimento do requisito recollido na base segunda c), o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2ª, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

A contratación/nomeamento do/a aspirante determinará que o mesmo cause baixa temporal na bolsa, volvendo a causar alta unha vez que finalice a prestación de servizos para a que foi contratado/nomeado e sempre que non incorra en causa de exclusión. A alta farase efectiva no mesmo lugar que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

Exclusión da bolsa: A exclusión dun/dunha aspirante da bolsa se producirá nos seguintes supostos:

- Por solicitude expresa do aspirante.
- A falta de resposta á oferta de traballo no prazo concedido.
- Rexeitamento da oferta de traballo sen causa xustificada e debidamente acreditada.
- A falta de presentación en tempo e forma da documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria no prazo concedido, agás nos casos de forza maior.
- A non incorporación ao posto de traballo ofertado trala aceptación da oferta sen causa xustificada e debidamente acreditada.
- Renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo para o que fora nomeado sen causa xustificada e debidamente acreditada.

Undécima.- Réxime xurídico aplicable.

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais, o Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Duodécima.- Recursos.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos se deriven destas, e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.,
con DNI número....., e domicilio a efectos de notificacións e comunicacións en ..
.....
C.P....., localidade de.....provincia de, teféfono
e correo electrónico.....

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo concello de Miño a través do anuncio publicado o pasadono..... para a provisión en propiedade de dúas PRAZAS de OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS, persoal funcionario/a do concello de Miño, no marco da súa segunda oferta de Emprego Público Extraordinaria para o exercicio 2025.

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da presente convocatoria á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total depáxinas:

- ☐ Copia simple do documento de identidade (DNI, NIE, Pasaporte)
- ☐ Copia simple do documento que acredite a titulación académica esixida.
- ☐ Copias simples dos documentos xustificativos da fase de concurso.
- ☐ Copia simple do carné de conducir tipo B.
- ☐ Copia simple, no seu caso, do documento xustificativo de estar en posesión do Celga I ou equivalente.

4º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, responsabilizándome da súa veracidade e de presentar os orixinais no Concello de Miño no momento en que, no seu caso, me sexan requiridos ao efecto.

6º.- Que coñezo e acato incondicionalmente o contido das bases reguladoras.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se me admita para tomar parte no proceso selectivo convocado.

En, a de de

Asdo.-

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO.

ANEXO II: IMPRESO – RESUMO DOS MÉRITOS ALEGADOS

DATOS PERSONAIS	
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NOME	DNI / PASAPORTE

MERITOS QUE SE ALEGAN PARA A SÚA VALORACIÓN:

- EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 35 puntos):

ENTIDADE	POSTO DESEMPEÑADO	PERÍODO SERVICIOS A COMPUTAR	TEMPO SERVIZOS A COMPUTAR	PUNTOS

☐ Autorizo ao concello de Miño a comprobar de oficio os servizos profesionais prestados nesa entidade local.

- FORMACIÓN (máximo 5 puntos):

DENOMINACIÓN DO CURSO	ORGANISMO	Nº HORAS	PUNTOS

En, a de de 2025.

Asdo.-

ANEXO III : TEMARIO

1. A constitución española de 1978: Estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura. Título preliminar.
2. O persoal ao servizo da Administración local. Dereitos dos empregados públicos. Retribucións. Licenzas e permisos. Deberes dos empregados público.
3. O municipio: Definición. Elementos: territorio, poboación e organización. Potestades e competencias municipais. Os órganos de goberno municipal e as súas competencias. Regulamento Orgánico do Concello de Miño.
4. Carpintería e cerraxería: Conceptos básicos. Reparacións e mantemento básicos. Útiles e ferramentas básicas, seu mantemento e conservación.
5. Albanelería e pintura: Conceptos básicos. Reparacións e mantemento básicos. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
6. Electricidade: Conceptos básicos. Reparacións e mantemento básicos. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
7. Xardinería: Conceptos básicos. Mantemento básico. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
8. Fontanería: Conceptos básicos. Reparacións e mantemento básicos. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
9. Mantemento de vehículos.
10. Prevención de riscos laborais. Seguridade, saúde laboral e hixiene no traballo. Protección. Procedementos e medios xerais/básicos de seguridade e saúde no traballo.
11. Municipio de Miño: Rúas, prazas, parroquias, barrios e vías públicas. Servizos e dependencias municipais: localización e servizos que nelas se desenvolven

En Miño, a 16 de maio de 2025

A alcaldesa en funcións

(RA 384/2025 do 07.05.2025)

Asdo./ Catalina Morado Fariña

2025/3173